


Exercicios prácticos: Conceptos básicos sobre o software SMART Notebook

• Editar Texto

1. Inicie o software SMART Notebook facendo dobre clic no icono de SMART Notebook no escritorio.

2. Faiga clic na área de traballo e escriba o seu nome. O seu nome aparece coa fonte, tipo de texto, tamaño e cor que vostede elixe nas que se lle ofrecen ao facer clic no botón .

3. Escriba o seu nome. Co menú contextual pode cambiar a fonte, o tamaño, a cor, alineación...



4. Tamén o pode cambiar facendo clic na pestana **Propiedades**  e logo seleccionando o seu nome e unha vez seleccionado facendo clic en **Estilo do texto** e en **Estilo de liña**.

5. Faga clic no icono **Gardar** da barra de ferramentas. Escolla un nome para o seu arquivo e faga clic en **Gardar**.

6. Faga dobre clic no icono **Engadir páxina** na barra de ferramentas para engadir dúas páxinas máis ao arquivo.

7. Faga clic na pestana **Clasificador de páxinas**. Verá dúas páxinas novas. A páxina tres, que está baleira, será a páxina activa. A escrita do seu nome permanecerá na páxina 1. Faga clic na páxina 2.




• Crear unha liña

8. Seleccione o icono de **Liñas**  na barra de ferramentas. Trace unha liña na área de traballo. (Ao clicar en Liñas xa aparecen algunhas posibilidades para elixir)

9. Faga clic na pestana **Propiedades** e, a continuación, no icono **Seleccionar** da barra de ferramentas . Selecciona a liña que acaba de trazar facendo clic enriba dela na área de traballo. Agora a liña é o obxecto activo da páxina.

10. Faga clic en **Estilo de liña** na pestana **Propiedades**. Cambie a cor, o grosor, o estilo e a forma de comezo e finalización da liña. Faga clic na área de traballo. Garde o seu arquivo.



11.Faga clic na pestana Clasificador de páxinas e seleccione a páxina 3.

- **Crear unha forma**

12.Faga clic no icono **Formas**  da barra de ferramentas e seleccione a forma de estrela na barra de ferramentas secundaria. Dibuxe unha estrela na área de traballo da páxina 3.



13.Faga clic no icono **Seleccionar**  da barra de ferramentas. Faga clic na pestana **Propiedades** e seleccione a estrela. A estrela é o obxecto activo da páxina e os **Efectos de recheo** están activos na pestana **Propiedades**. Cámbie a cor de recheo da estrela.

14.Faga clic en Estilo de liña na pestana Propiedades. Cambie a cor, o grosor e o estilo de liña do perímetro da estrela. Faga clic na área de traballo. Garde o seu arquivo.

